Empregar procesos colaborativos básicos na nube para a xestión administrativa

Resultados ou produtos

Fluxo de comunicación e compartición de ficheiros deseñado nunha ferramenta colaborativa.

Axenda dixital e planificador de tarefas configurado nunha aplicación web profesional.

Páxinas webs corporativas creada e publicada, funcional e estruturada.

Informe de seguimento integrando capturas, datos e gráficos xerados desde ferramentas web 2.0. Estrutura de arquivos compartidos organizada cun sistema de carpetas e permisos básicos configurados. Documento final exportado en formato dixital válido para difusión ou revisión.
Recursos específicos Ferramentas de deseño e publicación web (CMS como Wordpress ou equivalente educativo) Servizos de aloxamento e xestión de ficheiros na nube (Drive, OneDrive ou repositorios web) Bancos de recursos gráficos libres e corporativos (imaxes, iconas e elementos UI/UX con licenzas abertas) Navegadores actualizados para verificación e testeo de compatibilidade web Recursos e documentación técnica complementaria sobre configuración, seguridade e boas prácticas en web 2.0

UD	Título da UD	Duración
5	Administración documental con Sistemas de Xestión Documental (SXD)	25

	Actividade	Descrición	Duración
1	Implantación dun sistema de xestión documental na empresa	Identificación dos compoñentes dun sistema de xestión documental empresarial e a súa función na clasificación e localización da información.	10

Criterios de avaliación

RA5 - Administra os documentos a través dun sistema de xestión documental

CA5.1 - Determináronse os elementos que compoñen un sistema de xestión documental: bases de datos documentais, hardware, software, redes, usuarios/as e administradores

CA5.5 - Deseñáronse regras para o fluxo de documentos entre diversos postos da organización ("workflow")

CA5.6 - Caracterizáronse os condicionantes de tempo e forma na distribución dos documentos

CA5.7 - Deseñáronse mecanismos de colaboración na creación de documentos compartidos ("workflow")

CA5.8 - Cubríronse os estándares de autenticación dos documentos ante diversas instancias públicas e privadas

Contidos

BC5 - Administración de documentos mediante un sistema de xestión documental (SXD)

C5.1 - Concepto de xestión documental.

C5.2 - Elementos dun sistema de xestión documental.

C5.4 - Procesos e control da xestión documental.

C5.6 - Sistemas de clasificación de documentos en SXD.

C5.8 - Aspectos legais da xestión documental.

Obxectivos específicos

Comprender o concepto e funcións básicas dun sistema de xestión documental (SGD).

Aplicar procedementos de dixitalización, almacenamento e clasificación segura da información.

Elaborar e implementar copias de seguridade e medidas de protección de datos.

Coñecer os aspectos legais e normativos vinculados á xestión documental e á seguridade da información.

Empregar medidas básicas de seguridade informática e control de accesos en contornos documentais.

Resultados ou produtos

Creación dun modelo básico de sistema de xestión documental, con estrutura de carpetas e permisos de usuario.

Conversión e dixitalización de documentos seguindo criterios de seguridade e organización.

Elaboración dun plan de copias de seguridade e medidas de protección.

Informe técnico sobre aspectos legais e control da seguridade da información.

Recursos específicos

Ordenadores con conexión a Internet.
Software de xestión documental de código aberto, como Alfresco Community, OnlyOffice, Nextcloud ou OpenKM.
Utilizaranse ferramentas de dixitalización e seguridade libre (PDF24, ClamAV, ufw, SpamAssassin), así como recursos normativos sobre protección de datos e seguridade da información (RGPD).
Materiais audiovisuais e guías sobre metodoloxías de xestión de proxectos.
Aula virtual para a entrega e revisión das actividades.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Aplicación de medidas de seguridade no arquivo dixital	Dixitalización, custodia e copias de seguridade aplicando normas básicas de protección e seguridade da información.	15

Criterios de avaliación

RA5 - Administra os documentos a través dun sistema de xestión documental

CA5.2 - Escanáronse documentos mediante programas de xestión documental

CA5.3 - Almacenáronse, clasificáronse e recuperáronse documentos seguindo os parámetros establecidos

CA5.4 - Establecéronse mecanismos de custodia dos documentos

CA5.8 - Cubríronse os estándares de autenticación dos documentos ante diversas instancias públicas e privadas

CA5.9 - Valorouse a contribución dos programas de xestión documental á conservación ambiental

Contidos

BC5 - Administración de documentos mediante un sistema de xestión documental (SXD)

C5.3 - Conversión dixital de documentos.

C5.5 - Almacenamento da información.

C5.6 - Sistemas de clasificación de documentos en SXD.

C5.7 - Creación de copias de seguridade.

C5.8 - Aspectos legais da xestión documental.

Obxectivos específicos

Definir medidas de seguridade e custodia, incluíndo copias de respaldo e control de accesos.

Interpretar os requisitos legais e procedementos de distribución documental (workflow).

Resultados ou produtos

Repositorio documental clasificada por tipoloxías e metadatos.
Conxunto de documentos escaneados, nomeados e almacenados conforme a criterios de indexación.
Copias de seguridade creadas e verificables desde o sistema documental.
Esquema básico de fluxo documental definido e configurado para compartición e recuperación.

Recursos específicos

Equipos informáticos con acceso a rede local e conexión a Internet.

Software de xestión documental para escaneo e organización.

Plantillas modelo para nomenclatura, indexación e estrutura de metadatos.

Repositorio dixital ou nube corporativa con permisos configurables para arquivo.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do módulo co obxectivo de coñecer o nivel de partida do alumnado respecto dos contidos, as competencias dixitais e os hábitos de traballo e organización. Esta avaliación terá carácter exclusivamente diagnóstico e os seus resultados non terán valor cualificable nin influirán na nota final. Para a avaliación específica do módulo empregaranse os seguintes instrumentos:

1. Proba diagnóstica tipo test : 15 preguntas de opción múltiple sobre o nivel de coñecemento de ferramentas ofimáticas, de xestion de proyectos, vídeos,webs e xestión documental. O obxectivo é detectar diferenzas significativas de nivel e identificar necesidades de reforzo inicial.
2. Prácticas na aula de informática: co obxectivo de observar a autonomía, velocidade de execución, coñecemento de atallos e solución de problemas básicos. (20 minutos)

Ademais, recollerase información a través dunha posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares con incidencia educativa en determinados alumnos, así como a información achegada pola titora do grupo. Os resultados da proba e das tarefas, xunto coa información recollida do resto do equipo docente e da titora permitirán:

- Axustar o ritmo e a profundidade das primeiras unidades didácticas.
- Planificar actividades de reforzo ou recuperación para o alumnado con carencias significativas nas ferramentas principais.
- Identificar ao alumnado con alto nivel para propoñerlle actividades de ampliación, retos adicionais ou tarefas de maior complexidade.
- Contextualizar os contidos e exemplos prácticos cos intereses e experiencias previas do grupo, favorecendo unha maior motivación e cohesión desde o inicio do módulo.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**16**	**32**	**20**	**16**	**16**	**100**
Outro	80	80	80	80	80	**80**
Proba escrita	20	20	20	20	20	**20**

Procedemento e criterios de cualificación:

A avaliación do módulo será continua, formativa e integradora, e acreditará o grao de adquisición dos resultados de aprendizaxe conforme aos criterios de avaliación establecidos no currículo oficial.
PROCEDEMENTO DE EVALUACIÓN
A cualificación do alumnado será o resultado da ponderación dos seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas escritas (PE): Para cada unidade didáctica (UD) realizaranse probas escritas de contido teórico ou teórico-práctico, que poderán incluír preguntas tipo test, resposta curta e/ou casos prácticos. Puntuarase de 0 a 10.
- Traballos realizados: Avaliaranse con táboas de indicadores (rúbricas) as evidencias de produto dos traballos ou documentos creados e/ou expostos polo alumnado, conforme ás instrucións da docente. Non se permitirá a entrega fóra de prazo, salvo causa xustificada conforme ás NOF. Puntuarase de 0 a 10.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
A cualificación de cada UD farase segundo os seguintes pesos:

- 80 % proba obxectiva
- 20 % realización dos supostos prácticos e traballos de aula, entregados na aula virtual

AVALIACIÓN ORDINARIA (1ª, 2ª e 3ª avaliación)
Para poder calcular a nota da avaliación, será obrigatoria a entrega mínima do 80 % das tarefas na aula virtual.
En cada unidade didáctica será necesario acadar un mínimo de 5 puntos para facer media. A nota da avaliación será a media aritmética ponderada das UDs impartidas nesa avaliación, expresada de 1 a 10 sen decimais, sendo positiva cando se acade 5 ou máis, aplicándose redondeo do resultado final a partir de 0,51 (exemplo: 5,5 = 5; 5,51 = 6).
NOTA FINAL DO MÓDULO (convocatoria ordinaria)
A nota final será a media aritmética das tres avaliacións. Para superar o módulo na convocatoria ordinaria será necesario obter como mínimo un 5 en todas as avaliacións. A cualificación final do módulo será numérica, entre 1 e 10, sen decimais.
Normas de integridade académica:
Non se admitirán traballos ou actividades que constitúan copias ou plaxios de calquera procedencia (internet, compañeiros/as ou outras fontes).
O uso de apuntes, “chuletas”, libros, calculadoras, teléfonos móbiles ou calquera outro medio non autorizado polo profesorado considerarase copia, e implicará unha cualificación de 0 (cero) na proba ou no traballo correspondente, ademais da expulsión inmediata da aula no caso de exames presenciais.
O alumnado afectado terá dereito a realizar unha proba ou traballo de recuperación. En caso de ausencia xustificada a unha proba, poderase aplicar unha avaliación alternativa sempre que se achegue xustificación documental e exista tempo suficiente antes do período avaliativo seguinte. A estrutura da proba poderá diferir da realizada polo resto do alumnado.
De acordo co Regulamento de Réxime Interno do Centro, non se permitirá ter acendido nin facer uso do teléfono móbil ou dispositivo semellante na aula durante as actividades lectivas nin nas probas de avaliación.

Procedemento e criterios de recuperación

Proba de recuperación antes da segunda avaliación
Antes de pechar o período correspondente á segunda avaliación, realizarase unha proba global de recuperación, dirixida ao alumnado que teña resultados de aprendizaxe non superados ata ese momento.
Nesta proba, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos RA pendentes, avaliándose contidos teóricos e prácticos representativos das unidades didácticas implicadas.
A valoración da proba será numérica, de 0 a 10 puntos, considerándose superada cando se acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos nas partes correspondentes aos RA que sexan obxecto de recuperación.
Proba extraordinaria final
O alumnado que, tras a proba de recuperación anterior, continúe con resultados de aprendizaxe non superados, poderá presentarse a unha proba extraordinaria final.
Esta proba avaliará de forma global e integradora os RA non adquiridos, e permitirá acadar unha cualificación máxima de 10 puntos, en igualdade de condicións coa convocatoria ordinaria.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este módulo impártese exclusivamente en 2º curso do ciclo de Asistencia á Dirección, polo que non existe alumnado con esta materia pendente de cursos anteriores. En consecuencia, este apartado non procede e non se establece un procedemento específico de recuperación de materias pendentes.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado que supere o 10 % de faltas non xustificadas respecto da duración total do módulo perderá o dereito a ser cualificado mediante avaliación continua. As cualificacións das probas e tarefas realizadas durante o curso non poderán ser utilizadas para o cálculo das avaliacións parciais, aínda que constarán como evidencias do proceso formativo.
O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha única proba extraordinaria final, previa á avaliación final de módulos correspondente, segundo o establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.
A proba extraordinaria de avaliación será unha proba escrita teórico-práctica obxectiva, elaborada tomando como referencia todos os resultados de aprendizaxe e contidos da programación do módulo, de acordo co establecido na resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ensinos de formación profesional do sistema educativo no curso 2025-2026.
A cualificación final do módulo corresponderase exclusivamente coa nota obtida nesta proba, expresada na escala numérica de 1 a 10 sen decimais, e considerarase superada cando o alumnado acredite a adquisición dos resultados de aprendizaxe avaliados cunha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Co obxectivo de que todo o alumnado acade as competencias e resultados de aprendizaxe establecidos no módulo, aplicarase unha resposta educativa flexible e individualizada desde o inicio do curso, baseada nos seguintes principios e accións:

1. Detección temperá mediante a avaliación inicial e o seguimento continuo do traballo diario.
2. Adaptacións metodolóxicas:
   - Axuste do ritmo, profundidade e complexidade das actividades segundo as necesidades do alumnado.
   - Priorización dos contidos e destrezas esenciais para quen presente maiores dificultades.
   - Reforzo na comprensión dos conceptos fundamentais antes de avanzar.
3. Actividades específicas de apoio e reforzo:
   - Exercicios graduados, mapas conceptuais, fichas de repaso e pequenas tarefas guiadas.
   - Práctica adicional en supostos prácticos e simulacións.
   - Materiais complementarios dixitalizados ou impresos (vídeos tutoriais, guías paso a paso, etc.).
4. Atención individualizada durante as sesións ou en horario de tutoría, resolvendo dúbidas e supervisando tarefas.
5. Coordinación co Departamento de Orientación cando se detecten necesidades educativas especiais de apoio.

Estas medidas aplicaranse de forma preventiva e correctiva, garantindo que ningún alumno ou alumna quede atrás por falta de apoio, e sempre co obxectivo de facilitar o máximo grao de logro dos criterios de avaliación do módulo.

8.1. Programación da educación en valores.

A programación incorpora de forma transversal en todas as UD a educación en valores e o desenvolvemento de competencias persoais e sociais, promovendo:

- Igualdade, respecto á diversidade e non discriminación.
- Responsabilidade, ética profesional e confidencialidade.

- Traballo en equipo, comunicación asertiva e resolución pacífica de conflitos.
- Consumo responsable, respecto ao medio ambiente e educación para a saúde.
- Soft skills esenciais: empatía, xestión do tempo, adaptabilidade e discreción.

Fomentarase un clima positivo de aula mediante debates, simulacións, traballo cooperativo e reflexión diaria, co obxectivo de formar profesionais íntegros, responsables e eficaces.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Co obxectivo de reforzar a aprendizaxe práctica e achegar o alumnado á realidade profesional, prevese a realización das seguintes actividades:

- Recollida de información en entidades privadas e organismos públicos para o desenvolvemento de tarefas e proxectos do módulo, aplicando os contidos traballados na aula.
- Realización de xestións e tramitacións en diferentes organismos da Administración pública, favorecendo o contacto directo coas dinámicas administrativas reais.
- Visitas a empresas e organismos relacionados co ámbito da xestión administrativa e da dirección co fin de coñecer o funcionamento real das organizacións e o seu contexto económico.
- Participación en feiras e eventos educativos e profesionais, como EDUGAL, CONXEMAR, Etiqueta Negra, Feira de Emprendemento Pont Up Store, CULTURGAL, etc.que ofrece ao alumnado unha visión actual das oportunidades de formación, emprego e emprendemento.
- Asistencia a charlas e obradoiros: charlas orientativas dos graos de Dirección e Xestión Pública e do Grao en Xestión Cultural, charla sobre ciberseguridade, entre outras.
- Organización dunha mesa redonda no centro e retransmitida en streaming sobre a industria do sector eventos e a súa dinamización das cidades.

Estas actividades terán carácter formativo e complementario, contribuíndo á adquisición das competencias profesionais, persoais e sociais do alumnado e favorecendo o seu coñecemento da realidade económica, empresarial e laboral de Galicia.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

A programación didáctica presenta un carácter flexible e aberto, o que permite realizar os axustes necesarios para atender as diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, intereses e motivación do alumnado, facilitando así unha evolución individualizada.

O seguimento da programación, realizarase de forma continua ao longo do curso, co obxectivo de detectar desviacións respecto da planificación inicial e introducir as modificacións oportunas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos. Para tal fin, aplicaranse os seguintes procedementos:

- Rexistro na plataforma edu.xunta.gal/proens ó rematar cada unidade didáctica, onde se anotará o seguimento da programación, así como calquera desviación ou modificación introducida, acompañada da súa correspondente xustificación.
- Posta en común co equipo docente, co fin de coordinar actuacións, compartilhar información relevante e asegurar unha intervención pedagóxica coherente.
- Revisión nas reunións do departamento e nas sesións de avaliación, analizando avances, dificultades e as medidas correctoras necesarias.
- Elaboración dunha memoria anual, na que se recollerán as conclusións do proceso de seguimento e as propostas de mellora para o curso seguinte.

11.1. Outros apartados.

1. Outros apartados

- Este módulo conta cunha aula virtual na que se porá á disposición do alumnado todo o material de apoio, recursos complementarios e tarefas asociadas ás distintas unidades didácticas. (mensajería interna, correo electronica e presencial, teléfono se a urxencia do mensaxe así o precisara.
- Non se permite o uso de teléfonos móbiles no centro, agás por indicación expresa do profesorado para actividades concretas que requiran o seu emprego.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG000200 - Asistencia á dirección	A

Módulo
MP0647 - Xestión da documentación xurídica e empresarial (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
3	77	50	92	92

Profesorado responsable

Docentes
Portela Chapela, María José

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 9

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 23

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 23

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 25

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 25

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 25

8.1. Programación da educación en valores. 25

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 26

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 26

11.1. Outros apartados. 26

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

A normativa vixente establece que o profesional docente debe tomar decisións e seleccionar os contidos, actividades e materiais mais apropiados ao seu contexto e a os seus propósitos, sen que poida ser un mero executor que implementa mecanicamente un deseño suministrado por un organismo central.
O entorno produtivo de Pontevedra e comarca baséase nas Pequenas e Medianas empresas, fundamentalmente do sector servizos e con pouca especialización, que realizan todas as funcións da empresa: Así, demándanse profesionais de grao superior cunha formación ampla e que abarquen todos os ámbitos funcionais da empresa e tódalas funcións de carácter administrativo, polo que o curriculum adáptase nunha gran parte as necesidades das mesmas.
Neste senso esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar administrativos con amplos coñecementos, adaptados en gran medida as necesidades destas empresas.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Dereito e empresa	O dereito e a súa relación coa empresa: normas xurídicas que afectan á empresa, fontes de información, as formas xurídicas de empresa, as obrigas da empresa de carácter xurídico e as función dos fedatarios públicos.	20	18
2	Documentación xurídica na constitución e funcionamento da empresa	Documentación necesaria e trámite para a constitución e posta en funcionamento da empresa.	20	18
3	A Contratación privada	Normativa sobre contratación privada. Identificación e elaboración dos diferentes tipos de contratos privados máis habituais no ámbito empresarial.	20	18
4	O entorno institucional	As administracións públicas existentes sobre o territorio no que actua a empresa: Unión Europea, Administración Pública Estatal, Administración Autonómica e Administración Local.	20	18
5	Relación empresa e administración	Formas en que se relaciona a empresa coa administración e as obrigas da empresa con ela: o procedemento administrativo, os documentos administrativos e a contratación coa administración. Os diferentes documentos administrativos e os contratos públicos.	20	20

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Dereito e empresa	18

Criterios de avaliación	IA	%

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Actualiza periodicamente a información xurídica requirida pola actividade empresarial, para o que selecciona a lexislación e a xurisprudencia relacionada coa organización.		
CA2.1 - Recoñecéronse as fontes do Dereito de acordo co ordenamento xurídico español.	PE	16
CA2.2 - Precisáronse as características das normas xurídicas e dos órganos que as elaboran, ditan, aproban e publican.	PE	16
CA2.3 - Relacionáronse as leis co resto de normas que as desenvolven, e identificáronse os órganos responsables da súa aprobación e da súa tramitación.	PE	16
CA2.4 - Identificouse a estrutura dos boletíns oficiais como medio de publicidade das normas.	PE	14
CA2.5 - Seleccionáronse fontes ou bases de datos de documentación xurídica tradicionais e/ou en internet, e establecéronse accesos directos a elas, para axilizar os procesos de procura e localización de información.	PE	16
CA2.6 - Detectouse a aparición de nova normativa, xurisprudencia, notificacións, etc., consultando habitualmente as bases de datos xurídicas que poidan afectar a entidade.	PE	13
CA2.7 - Arquivouse a información achada nos soportes ou formatos establecidos, para posteriormente transmitila aos departamentos correspondentes da organización.	PE	9

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Actualización da información xurídica requirida pola actividade empresarial
Fundamentos básicos do dereito empresarial.
Dereito público e privado. Fontes do dereito de acordo co ordenamento xurídico.
Tipo de normas xurídicas e xerarquía normativa.
Normativa civil e mercantil.
Diario Oficial das Comunidades Europeas, boletíns oficiais das administracións públicas e revistas especializadas, boletíns estatísticos e outros.
A empresa como ente xurídico e económico.

UD	Título da UD	Duración
2	Documentación xurídica na constitución e funcionamento da empresa	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Organiza os documentos xurídicos relativos á constitución e o funcionamento das entidades, cumprindo a normativa civil e mercantil segundo as directrices definidas.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.1 - Identificáronse as diferenzas e as similitudes entre as formas xurídicas de empresa.	PE	21
CA3.2 - Determinouse o proceso de constitución dunha sociedade mercantil, e indicouse a normativa mercantil aplicable e os documentos xurídicos que se xeran.	PE	13
CA3.3 - Precisáronse as funcións dos fedatarios e os rexistros públicos, así como a estrutura e as características dos documentos públicos habituais no ámbito dos negocios.	PE	12
CA3.4 - Describíronse e analizáronse as características e os aspectos máis significativos dos modelos de documentos máis habituais na vida societaria (estatutos, escrituras, actas, etc.).	PE	10
CA3.5 - Elaboráronse documentos societarios a partir dos datos achegados, modificando e adaptando os modelos dispoñibles.	PE	20
CA3.6 - Recoñeceuse a importancia da actuación dos fedatarios na elevación a público dos documentos, estimando as consecuencias de non realizar os trámites oportunos.	PE	10
CA3.7 - Determináronse as peculiaridades da documentación mercantil acorde ao obxecto social da empresa.	PE	6
CA3.8 - Verificouse o cumprimento das características e os requisitos formais dos libros da sociedade esixidos pola normativa mercantil.	PE	8

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Organización da documentación xurídica de constitución e funcionamento ordinario da empresa
Formas xurídicas da empresa: empresario/a individual e sociedades.
Documentación de constitución e modificación.
Formalización de documentación contable.
Fedatarios públicos.
Rexistros oficiais das administracións públicas.
Elevación a público de documentos: documentos notariais habituais.
Lei de protección de datos.
Normativa no referente aos prazos obrigatorios e á forma de conservación e custodia da documentación.
Normativa no referente á administración e á seguridade electrónica, á protección e á conservación ambiental.

UD	Título da UD	Duración
3	A Contratación privada	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Cobre os modelos de contratación privados máis habituais no ámbito empresarial ou documentos de fe pública, aplicando a normativa e os medios informáticos dispoñibles para a súa presentación e a súa sinatura.		
CA4.1 - Describiuse o concepto de contrato e a capacidade para contratar segundo a normativa española.	PE	18
CA4.2 - Identificáronse as modalidades de contratación e as súas características.	PE	23
CA4.3 - Identificáronse as normas relacionadas cos tipos de contratos do ámbito empresarial.	PE	8
CA4.4 - Compilouse e cotexouse a información e a documentación necesarias para a formalización de cada contrato, consonte as instrucións recibidas.	PE	6
CA4.5 - Cubríronse os modelos normalizados utilizando aplicacións informáticas, de acordo coa información compilada e as instrucións recibidas.	PE	20
CA4.6 - Verificáronse os datos de cada documento e comprobouse o cumprimento e a exactitude dos requisitos contractuais e legais.	PE	8
CA4.7 - Valorouse a utilización da sinatura dixital e dos certificados de autenticidade na elaboración dos documentos que o permitan.	PE	9
CA4.8 - Aplicáronse as normas de seguridade e confidencialidade da información no uso e na custodia dos documentos.	PE	8

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Formalización dos documentos da contratación privada na empresa
Análise do proceso de contratación privada.
Análise da normativa civil e mercantil aplicable ao proceso de contratación.
Contratos privados: civís e mercantís.
Concepto, características e modalidades.
Proceso de contratación.
Firma dixital e certificados.

UD	Título da UD	Duración
4	O entorno institucional	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Caracteriza a estrutura e a organización das administracións públicas establecidas na Constitución española e a Unión Europea, recoñecendo os organismos, as institucións e as persoas que as integran.		
CA1.1 - Identifícaronse os poderes públicos establecidos na Constitución española e as súas respectivas funcións.	PE	12
CA1.2 - Determináronse os órganos de goberno de cada un dos poderes públicos, así como as súas funcións, consonte a súa lexislación específica.	PE	10
CA1.3 - Identifícaronse os principais órganos de goberno do poder executivo das administracións autonómicas e locais, así como as súas funcións.	PE	24
CA1.4 - Definiuse a estrutura e as funcións básicas das principais institucións da Unión Europea.	PE	12
CA1.5 - Describíronse as funcións e as competencias dos órganos, e a normativa aplicable a estes.	PE	32
CA1.6 - Describíronse as relacións entre os órganos da Unión Europea e o resto das administracións estatais, así como a incidencia da normativa europea na estatal.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Estrutura e organización das administracións públicas e da Unión Europea
Goberno e a Administración xeral do Estado.
Comunidades autónomas. Distribución de competencias.
Administracións locais.
Organismos públicos.
Unión Europea:
Institucións.
Proceso de elaboración de normas.
Orzamentos.

UD	Título da UD	Duración
5	Relación empresa e administración	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Elabora a documentación requirida polos organismos públicos en relación aos procedementos administrativos, cumprindo a lexislación e as directrices definidas.		
CA5.1 - Definiuse o concepto e as fases do procedemento administrativo común, de acordo coa normativa aplicable.	PE	11
CA5.2 - Determináronse as características e os requisitos legais e de formato dos documentos oficiais máis usuais xerados en cada unha das fases do procedemento administrativo e recursos ante o contencioso-administrativo	PE	11
CA5.3 - Compilouse a información necesaria para a elaboración da documentación administrativa ou xudicial, de acordo cos obxectivos do documento.	PE	8
CA5.4 - Cubríronse os impresos, os modelos ou a documentación tipo de acordo cos datos, coa información dispoñible e cos requisitos legais establecidos.	PE	11
CA5.5 - Valorouse a importancia dos prazos de formalización da documentación.	PE	4
CA5.6 - Preparáronse as renovacións ou accións periódicas derivadas das obrigas coas administracións públicas, para a súa presentación ao organismo correspondente.	PE	7
CA5.7 - Describíronse as características da sinatura electrónica, os seus efectos xurídicos, o proceso para a súa obtención e a normativa estatal e europea que a regula.	PE	7
CA5.8 - Procedementouse a solicitude da certificación electrónica para a presentación dos modelos oficiais por vía telemática.	PE	3
CA5.9 - Describíronse os dereitos das corporacións e da cidadanía en relación coa presentación de documentos ante a Administración.	PE	11
CA5.10 - Determináronse os trámites e a presentación de documentos tipo nos procesos e nos procedementos de contratación pública, e na concesión de subvencións, segundo as bases das convocatorias e a normativa de aplicación	PE	16
CA5.11 - Determináronse as condicións de custodia dos documentos e dos expedientes relacionados coas administracións públicas, con garantía da súa conservación e da súa integridade.	PE	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Elaboración de documentos requiridos polos organismos públicos
Acto administrativo: concepto, requisitos, elementos, clases e eficacia.
Procedemento administrativo: concepto, principios xerais, clases e fases do procedemento.
Dereitos da cidadanía fronte ás administracións públicas.

Contidos
Silencio administrativo. Obriga de resolver. Recursos administrativos e xudiciais.
Tramitación de recursos.
Elaboración de documentos de comunicación coa Administración. Rexistros telemáticos.
Requisitos legais e formato dos documentos oficiais máis habituais xerados en cada fase do procedemento administrativo e dos recursos contencioso-administrativos.
Sinatura dixital e certificados.
Contratación con organizacións e administracións públicas.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Dereito e empresa	18

	Actividade	Descrición	Duración
1	Dereito e empresa	Estudaremos as normas que compoñen o ordenamento xurídico e a súa clasificación xerárquica, así como o proceso de elaboración das leis.	10

Criterios de avaliación

RA2 - Actualiza periodicamente a información xurídica requirida pola actividade empresarial, para o que selecciona a lexislación e a xurisprudencia relacionada coa organización.

CA2.1 - Recoñecéronse as fontes do Dereito de acordo co ordenamento xurídico español.

CA2.2 - Precisáronse as características das normas xurídicas e dos órganos que as elaboran, ditan, aproban e publican.

CA2.3 - Relacionáronse as leis co resto de normas que as desenvolven, e identificáronse os órganos responsables da súa aprobación e da súa tramitación.

CA2.4 - Identificouse a estrutura dos boletíns oficiais como medio de publicidade das normas.

CA2.5 - Seleccionáronse fontes ou bases de datos de documentación xurídica tradicionais e/ou en internet, e establecéronse accesos directos a elas, para axilizar os procesos de procura e localización de información.

Contidos

BC2 - Actualización da información xurídica requirida pola actividade empresarial

C2.1 - Fundamentos básicos do dereito empresarial.

C2.2 - Dereito público e privado. Fontes do dereito de acordo co ordenamento xurídico.

C2.3 - Tipo de normas xurídicas e xerarquía normativa.

C2.4 - Normativa civil e mercantil.

C2.6 - A empresa como ente xurídico e económico.

Obxectivos específicos

Coñecer as diferentes fontes do dereito, as normas xurídicas e os órganos que as elaboran, a relación existente entre as normas xurídicas, a súa publicación nos boletíns oficiais e a selección de fontes ou bases de datos de documentación xurídica.

Resultados ou produtos

Exercicios a resolver na clase e a tarefa de avaliación.

Recursos específicos

Libro de texto recomendado.
Apuntamentos da profesora.
proxector e pizarra.
Textos de apoio.
Internet
Aplicacións de Microsof Office.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Fontes de información xurídica e análise das principais leis que afectan á empresa	Nesta actividade o alumnado identificará e analizará as diferentes fontes de información xurídica e as principais leis que afectan a actividades empresarial, o seu manexo e o manexo de outras bases de datos de documentación xurídica.	8

Criterios de avaliación

RA2 - Actualiza periodicamente a información xurídica requirida pola actividade empresarial, para o que selecciona a lexislación e a xurisprudencia relacionada coa organización.

CA2.6 - Detectouse a aparición de nova normativa, xurisprudencia, notificacións, etc., consultando habitualmente as bases de datos xurídicas que poidan afectar a entidade.

CA2.7 - Arquivouse a información achada nos soportes ou formatos establecidos, para posteriormente transmitila aos departamentos correspondentes da organización.

Contidos

BC2 - Actualización da información xurídica requirida pola actividade empresarial

C2.5 - Diario Oficial das Comunidades Europeas, boletíns oficiais das administracións públicas e revistas especializadas, boletíns estatísticos e outros.

Obxectivos específicos

Coñecemento da lei de protección de datos e as normas de seguridade e confidencialidade

Resultados ou produtos

Resolución de exercicios e probas avaliables.

Recursos específicos

Libro de texto recomendado.

Apuntamentos da profesora. proxector e pizarra. Textos de apoio. Internet Aplicacións de Microsof Office.

UD	Título da UD	Duración
2	Documentación xurídica na constitución e funcionamento da empresa	18

	Actividade	Descrición	Duración
1	Formas xurídicas da empresa	O alumno identificará as distintas formas xurídicas de empresa e aprenderá a seleccionar o tipo que mellor se adapte a cada circunstancia	7

Criterios de avaliación

RA3 - Organiza os documentos xurídicos relativos á constitución e o funcionamento das entidades, cumprindo a normativa civil e mercantil segundo as directrices definidas.

CA3.1 - Identificáronse as diferenzas e as similitudes entre as formas xurídicas de empresa.

CA3.2 - Determinouse o proceso de constitución dunha sociedade mercantil, e indicouse a normativa mercantil aplicable e os documentos xurídicos que se xeran.

CA3.3 - Precisáronse as funcións dos fedatarios e os rexistros públicos, así como a estrutura e as características dos documentos públicos habituais no ámbito dos negocios.

CA3.4 - Describíronse e analizáronse as características e os aspectos máis significativos dos modelos de documentos máis habituais na vida societaria (estatutos, escrituras, actas, etc.).

Contidos

BC3 - Organización da documentación xurídica de constitución e funcionamento ordinario da empresa

C3.1 - Formas xurídicas da empresa: empresario/a individual e sociedades.

C3.2 - Documentación de constitución e modificación.

C3.3 - Formalización de documentación contable.

C3.4 - Fedatarios públicos.

Obxectivos específicos

Coñecer as diferentes formas xurídicas de empresas e o proceso de constitución dunha sociedade.

Resultados ou produtos

Cuestionarios propostos e comentarios e debates sobre diferentes artígos proporcionados polo profesor.

Recursos específicos

Libro de texto recomendado.
Apuntamentos da profesora.
proxector e pizarra.
Textos de apoio.
Internet
Aplicacións de Microsof Office

	Actividade	Descrición	Duración
2	Documentación empresarial	Nesta actividade o alumno coñecerá o proceso de constitución dunha sociedade mercantil e a elaborar os documentos mais habituais no funcionamento nunha sociedade. Tamén comprenderá a importancia dos fedatarios públicos e os efectos de elevar a público os documentos.	10

Criterios de avaliación

RA3 - Organiza os documentos xurídicos relativos á constitución e o funcionamento das entidades, cumprindo a normativa civil e mercantil segundo as directrices definidas.

CA3.5 - Elaboráronse documentos societarios a partir dos datos achegados, modificando e adaptando os modelos dispoñibles.

CA3.6 - Recoñeceuse a importancia da actuación dos fedatarios na elevación a público dos documentos, estimando as consecuencias de non realizar os trámites oportunos.

CA3.7 - Determináronse as peculiaridades da documentación mercantil acorde ao obxecto social da empresa.

Contidos

BC3 - Organización da documentación xurídica de constitución e funcionamento ordinario da empresa

C3.5 - Rexistros oficiais das administracións públicas.

C3.6 - Elevación a público de documentos: documentos notariais habituais.

Obxectivos específicos

Coñecer o proceso de elaboración de documentos societarios, as funcións dos fedatarios públicos, as características dos documentos públicos máis habituais, a importancia da elevación a público da documentación e as peculiaridades da documentación mercantil

Resultados ou produtos

Cuestionarios a resolver e documentos para cubrir.

Recursos específicos

Libro de texto recomendado.
Apuntamentos da profesora.
proxector e pizarra.
Textos de apoio.
Internet
Aplicacións de Microsof Office.

	Actividade	Descrición	Duración
3	Ley de protección de datos e normativa de carácter medioambiental.	O alumnado coñecerá a normativa básica relativa a protección de datos de carácter persoal, conservación e custodia desta información e administración e seguridade electrónica, protección e conservación ambiental.	1

Criterios de avaliación

RA3 - Organiza os documentos xurídicos relativos á constitución e o funcionamento das entidades, cumprindo a normativa civil e mercantil segundo as directrices definidas.

CA3.8 - Verificouse o cumprimento das características e os requisitos formais dos libros da sociedade esixidos pola normativa mercantil.

Contidos

BC3 - Organización da documentación xurídica de constitución e funcionamento ordinario da empresa

C3.7 - Lei de protección de datos.

C3.8 - Normativa no referente aos prazos obrigatorios e á forma de conservación e custodia da documentación.

C3.9 - Normativa no referente á administración e á seguridade electrónica, á protección e á conservación ambiental.

Obxectivos específicos

Coñecer a normativa sobre protección de datos

Analizar como influe esta normativa na vida da empresa

Coñecer a normativa básica sobre protección e conservación ambiental

Resultados ou produtos

Esquema sobre as principais normas de protección de datos.
Esquema sobre as principais normas sobre protección e conservación ambiental
Exercicios resoltos

Recursos específicos

Libro de texto recomendado.
Apuntamentos da profesora.
Proxector e pizarra.
Textos de apoio
Internet.

UD	Título da UD	Duración
3	A Contratación privada	18

	Actividade	Descrición	Duración
1	Contratación privada na empresa	O alumnado coñecerá que se entende por contrato, identificará e cubrirá os diferentes tipos de contratos que afectan á empresa unha vez recopilda a información e datos necesarios e aplicará as normas de seguridade e confidencialidade no uso e custodia dos documentos. Tamén se valorará a utilización de medios telemáticos na contratación.	18

Criterios de avaliación

RA4 - Cobre os modelos de contratación privados máis habituais no ámbito empresarial ou documentos de fe pública, aplicando a normativa e os medios informáticos dispoñibles para a súa presentación e a súa sinatura.

CA4.1 - Describiuse o concepto de contrato e a capacidade para contratar segundo a normativa española.

CA4.2 - Identificáronse as modalidades de contratación e as súas características.

CA4.3 - Identificáronse as normas relacionadas cos tipos de contratos do ámbito empresarial.

CA4.4 - Compilouse e cotexouse a información e a documentación necesarias para a formalización de cada contrato, consonte as instrucións recibidas.

CA4.5 - Cubríronse os modelos normalizados utilizando aplicacións informáticas, de acordo coa información compilada e as instrucións recibidas.

CA4.6 - Verificáronse os datos de cada documento e comprobouse o cumprimento e a exactitude dos requisitos contractuais e legais.

CA4.7 - Valorouse a utilización da sinatura dixital e dos certificados de autenticidade na elaboración dos documentos que o permitan.

CA4.8 - Aplicáronse as normas de seguridade e confidencialidade da información no uso e na custodia dos documentos.

Contidos

BC4 - Formalización dos documentos da contratación privada na empresa

C4.1 - Análise do proceso de contratación privada.

C4.2 - Análise da normativa civil e mercantil aplicable ao proceso de contratación.

C4.3 - Contratos privados: civís e mercantís.

C4.4 - Concepto, características e modalidades.

C4.5 - Proceso de contratación.

C4.6 - Firma dixital e certificados.

Obxectivos específicos Coñecer a documentación necesaria para a formalización de cada contrato, a elaboración de contratos con aplicacións específicas, verificación dos datos, utilización da firma ou cedrtificado dixital, as normas de seguridade e confidencialidade no uso de documentos, o concepto de contrato e capacidade para contratar, os diferentes tipos de contratación e as normas dos diversos tipos de contratos.
Resultados ou produtos Cuestionarios e exercicios sobre diferentes modelos de contratos.
Recursos específicos ¿ Unidade elaborada polo profesor. ¿ Microsof Office Power Point. ¿ Exercicios propostos polo profesor.

UD	Título da UD	Duración
4	O entorno institucional	18

	Actividade	Descrición	Duración
1	A Unión Europea	Esta actividade permitiranos coñecer os orixes e obxectivos da Unión Europea, coñecer o dereito comunitario, as principais institucións comunitarias, as políticas europeas e a súa importancia.	6

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza a estrutura e a organización das administracións públicas establecidas na Constitución española e a Unión Europea, recoñecendo os organismos, as institucións e as persoas que as integran.

CA1.1 - Identificáronse os poderes públicos establecidos na Constitución española e as súas respectivas funcións.

CA1.2 - Determináronse os órganos de goberno de cada un dos poderes públicos, así como as súas funcións, consonte a súa lexislación específica.

Contidos

BC1 - Estrutura e organización das administracións públicas e da Unión Europea

C1.1 - Goberno e a Administración xeral do Estado.

C1.4 - Organismos públicos.

Obxectivos específicos

Coñecer as funcións básicas das institucións europeas, as súas competenciase a reelación entre a UE e a Administración do Estado e sobre a lexislación comunitaria...

Resultados ou produtos

¿ Os traballos realizados
¿ Os cuestionarios realizados

Recursos específicos

¿ Microsof Office Power Point
¿ Unidad elaborada polo profesor
¿ Exercicios propostos polo profesor

	Actividade	Descrición	Duración
2	Goberno e Administración Xeral do Estado	Coñeceremos os poderes do Estado e a organización territorial da administración pública no Estado Español, asi como os principais órganos de goberno da Administración do Estado.	6

Criterios de avaliación

